

SOLEMNIDADE DE SANTA MARÍA NAI DE DEUS (C)

PRIMEIRA LECTURA Num 6, 22-27

Lectura do libro dos Números

Naquel día, o Señor faloulle a Moisés: - Dilles a Aharón e a seus fillos: Desta maneira habedes de bendici-los fillos de Israel: "Que o Señor te bendiga e te garde; que faga brilla-lo seu rostro sobre ti e che conceda a súa gracia; que o Señor volva os seus ollos cara a ti e che dea a súa paz". Invocarán así o meu nome en favor dos fillos de Israel e eu bendicireinos.

SALMO RESPONSORIAL Sal 66, 2-3. 5. 6 e 8

R/. (2a): **Deus teña piedade de nós e nos bendiga.**

Deus teña piedade de nós e nos bendiga,
faga brilla-lo seu rostro sobre nós.
Que se coñeza na terra o teu camiño,
en tódalas nacións a túa salvación.

Alégrense e canten as nacións,
porque xúlga-los pobos rectamente
e na terra goberna-las nacións.

Lóente os pobos, oh Deus,
lóente tódolos pobos.
Que nos bendiga Deus e que o teman
os confins todos do mundo.

SEGUNDA LECTURA Gal 4, 4-7

Lectura da carta do Apóstolo San Paulo ós Gálatas

Irmáns: Así que chegou a plenitude dos tempos, Deus mandóuno-lo seu Fillo, nacido de muller e suxeito á Lei, para rescata-los que estabamos baixo a Lei de xeito que puidesemos recibi-la adopción de fillos.

A proba de que sodes fillos del é que Deus mandou ós vosos corazóns o Espírito do seu Fillo que exclama ¡Abbá! (que quere dicir ¡meu Pai!). Polo tanto, ti xa non es escravo, senón fillo. E, por seres fillo, tamén, gracias a Deus, es herdeiro.

EVANXEO Lc 2, 16-21

Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, os pastores foron correndo, e atoparon a María e mais a Xosé, e o neno deitado na manxadoira. Ó que o viron, contaron todo o que lles dixeran do meniño aquel. E cantos o oíron, quedaron pasmados do que os pastores lles dixeron. María, que trataba de comprender, conservaba todas estas cousas no seu corazón.

E os pastores volveron, glorificando e loando a Deus por canto oíran e viran, todo como lles fora anunciado. Ós oito días tocaba circuncida-lo neno e puxéronlle de nome Xesús, tal como o chamara o anxo antes da súa concepción.